

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740**RESOLUCIÓN DO 30 DE OUTUBRO DE 2015 POLA QUE SE MODIFICA O PLAN DE XESTIÓN DA SARDIÑA CON ARTE DE XEITO PARA O ANO 2015 NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA****FEITOS.-**

Por resolución do 18 de xuño de 2015, aprobouse o plan de xestión da sardiña con arte de xeito para o ano 2015 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O apartado 5º da devandita resolución di que: "*O período de veda para o ano 2015 queda establecido entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2015*".

O día 16 de outubro de 2015, na terceira xuntanza da Comisión de Seguimento do Plan de Xestión da sardiña coa arte de xeito, constátase que non se levan consumidas as cantidades previstas neste plan tras os informes recibidos, quedando un remanente de 45.607 kg.

Polo anterior, esta consellería

**RESOLVE**

**Modificar o apartado 5º do plan de xestión con arte de xeito para o ano 2015 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que quedaría redactado do seguinte xeito:**

"5º. Período de veda

A pesqueira da sardiña coa arte do xeito permanecerá aberta ata o consumo da cota dispoñible". Non obstante, a Consellería do Mar fará un peche cautelar cando a Federación Galega de Confrarías de Pescadores comunique que se acadou o 90% do consumo total".

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

